



ACTIVIDADES DENDE A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

PARA 1º DE PRIMARIA

Esta primeira SEMANA do mes de maio é moi importante para os europeos xa que imos celebrar o DÍA de EUROPA. É un día para celebrar a paz e a unidade do noso continente.

Por iso estas propostas van ter moito que ver con EUROPA.

Imos comezar con estas **ADIVIÑAS** de **países de Europa**.

**Unha gran torre,
unha imponente catedral
e o río Sena,
caracterizan a miña capital.**

Que país son?.....



**País veciño,
comparte con nós o río Miño.
Ten unha lingua fermosa,
moi semellante á nosa.**

Que país son?.....





**O país dos queixos,
os muíños e os tulipáns.
Aos habitantes deste lugar,
na bicicleta gústalles andar.
Que país son?.....**



**Terra de coliseos,
góndolas, xeados e pizzas.
con obras de arte
en todas as vilas.
Que país son?.....**



**Se non o adiviñaches, BUSCA aquí. COIDADO, as letras dos
nomes están desordenadas.**

ARCAFNI

PORTUGAL

LTUGRPAO

ITALIA

AHLNAOD

FRANCIA

TLAIAI

HOLANDA



MEMORIA VERBAL

Memoriza unha das ADIVIÑAS de países. Se queres,
GRÁVATE para amosala aos compañeiros.

Traballa ATENCIÓN e VOCABULARIO

Busca estes 11 países de EUROPA:

ESPAÑA, ALEMANIA, BÉLGICA, FRANCIA, ITALIA,
GRECIA, MALTA, SUIZA, POLONIA, SUECIA,
PORTUGAL.






Traballa ATENCIÓN e MEMORIA VISUAL e ESPACIAL

Neste xogo online de memoria, divertiraste atopando parellas de bandeiras dos países da Unión Europea.

https://europa.eu/learning-corner/match-the-flags_es

Traballa MOTRICIDADE FINA

Pinta de amarelo as estrelas e o fondo azul da bandeira de Europa.



9 MAYO. DÍA DE EUROPA.



RAZOAMENTO LÓXICO

Emparella cada enunciado coa súa pregunta. Despois intenta resolver, se podes, mentalmente.

Empareja cada enunciado con su pregunta correspondiente:

Problema 1

Pablo tiene 7 canicas y Juan 5.

Problema 2

Pablo tiene 9 canicas y le ha dado 4 a Juan.

Problema 3

Pablo tiene 15 canicas y tres botes para guardarlas.

- **Pregunta A:** *¿Cuántas canicas guarda en cada bote?*
- **Pregunta B:** *¿Cuántas canicas tienen en total?*
- **Pregunta C:** *¿Cuántas canicas le quedan a Pablo?*





Agardo que todas estas propostas foran divertidas e, sobre todo, moi EUROPEAS.

Fainas tranquilamente, sen agobios, xa que desde a titoría tamén terás que traballar.

Unha aperta.

A túa profesora de PT.